

1. Instalación e condicións de uso, axuste de idioma (2h)

1. a ¿Que é Hot Potatoes?

Hot Potatoes é unha software para crear exercicios educativos que se poden realizar a través da web. Considérase freeware que significa que o uso para fines educativos é libre, mais non ten o código en aberto como linux. Quere dicir, se o quere utilizar unha empresa para fines lucrativos, meter axustes no programa e distribuílo posteriormente, ten que merca-la licencia da Universidade de Victoria en Canadá que creou este programa.

A Universidade de Victoria ofrece tamén a posibilidade de colgar en internet os exercicios creados, mais despois dun período de proba de poucos meses, hai que pagar polo espazo cedido no servidor.


O software baséase en HTML e JavaScript, e o profesor que sabe facelo pode axustalo aos seus necesidades, sempre que sexa un uso sen ánimo de lucro con fines educativos. Por outra parte, o programa ten unha superficie amigable onde se poden crea-los exercicios sen necesidade de dominar HTML ou JavaScript. Simplemente, ou finaliza-la creación do exercicio, este expórtase converténdoo automaticamente en HTML.

O formato HTML funciona con todos os browser para navegar na rede. Pódese utilizar de dúas formas: instalado no ordenador sen necesidade de entrar en internet na modalidade offline. Para este fin pode transportarse en formato ZIP nun USB, ou subirse e baixarse en plataformas como Google Drive, Aula Cesga ou Moodle. A segunda forma é a subida a un servidor para a execución online. Para este fin se exporta en formato HTML e se instala nunha páxina web. Sen embargo, se se quere utilizar online en Moodle, hai que exportalo en formato SCORM. Poderíase describir este formato como un ZIP que se desprega automaticamente despois de subilo nun servidor.

1.b. Os Elementos de Hot Potatoes

Hot Potatoes consta de 5 tipos de exercicios:

- Quiz: serve para elaborar exercicios de elección múltiple ou respostas cortas.
- Match: serve para elaborar exercicios onde hai que combinar elementos presentados en dúas columnas.
- Mix: serve para elaborar exercicios onde hai que colocar elementos desordenados nunha fila.
- Cloze: serve para elaborar exercicios onde hai que encher ocos.
- Cross: serve para elaborar cruzigramas.



Masher é unha función adicional que permite agrupar varios exercicios nun só complexo con estrutura interna: nunha lección.

1.c. Descarga do programa


É mellor descargalo dende a páxina oficial, porque así sei que non ten virus ou instala un exército de cookies.

<http://hotpot.uvic.ca/>

Existen tres versións: Para Windows, Apple e Java Hot Potatoes que funciona con todo.


No momento da descarga, o programa pide que nos identifiquemos. Isto serve para que os exercicios creados teñan o nome do creador o que evita confusións entre exercicios variados e similares. Ademais permite elixir o idioma, mais trátase do idioma da superficie amigable no que se move o profesor ao crea-los exercicios.

Se facemos clic sobre un tipo de exercicio, se abre a superficie amigable onde traballa o profesor:



Agora podemos axusta-las palabras que aparecerán ao alumno nos botóns cando navega :

O penúltimo botón enriba e logo o segundo na lista. Logo facemos clic en todos os botóns enriba para cambia-las palabras das caixiñas que guían ao alumno no programa.



Repetimos este axuste con todos os cinco tipos de exercicio e xa estamos listos para comezar. Se logo traballamos con copias destes primeiros exercicios, xa no temos que volver a axusta-lo texto nos botóns.